



## Modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

### DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

#### 1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

- . O Departamento proporcionou ao alumnado coa materia pendente actividades para traballar os contidos do curso anterior. As actividades foron revisadas e avaliadas polo profesor correspondente.
- . Se o alumnado non supera a materia pendente, deberá realizar unha proba sobre os contidos mínimos traballados o 26 de maio.
- . De non aprobar deste xeito, terán unha proba sobre os contidos mínimos o día 17 de xuño.

#### 2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

##### ALUMNADO COA MATERIA SUPERADADA

1. Actividades que lle permitan consolidar o aprendido durante o curso e mellorar as súas competencias.
2. Actividades de ampliación con contidos que non deu tempo a tratar durante o curso.
3. A realización destas actividades será tida en conta para subir a nota da avaliación final.

##### ALUMNADO QUE NON TEÑA A MATERIA SUPERADA

1. Actividades de repaso sobre o tratado durante o curso, centrándose nos contidos básicos e imprescindibles para que poidan superar a materia do vindeiro curso.
2. Reforzo para o alumnado que teña máis dificultades na asimilación deses contidos.

3. Realización dun exame ou traballo final para poder obter unha cualificación positiva na materia na avaliación final.

A nota numérica da avaliación final será a media das puntuacións das avaliacións trimestrais, así como a adquisicións das competencias básicas que o alumnado mostre neste plan de recuperación e reforzo.